


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 27/01/2022 8:01:00
SAIDA 1380/22



Reclamante: [REDACTED] en representación da [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 187/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] mediante escrito do 19 de novembro de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 19 de novembro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a contestación da Subdirección Xeral de Recursos Minerais da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación) do 18 de novembro de 2021, polo que se lle da resposta á súa solicitude de acceso á Estratexia Galega de Minería Sostible e á Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia.

O reclamante indicaba que se lle denegou o acceso á información solicitada, considerando que non é certa a afirmación de que de momento non se teña concluído documento algún, e que non se lle indica as vías de denuncia dispoñibles ao solicitante.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 24 de novembro de 2021, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 29 de novembro de 2021.

Terceiro. Con data do 28 de decembro de 2021, a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a [REDACTED] solicitou, a través do Rexistro Electrónico do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, acceso aos expedientes administrativos e documentos relativos á denominada *Estratexia Galega de Minería Sostible* e á *Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia*, incluídos os expedientes e contratos administrativos relativos á contratación de [REDACTED] por parte desa Administración.

A subdirección xeral de Recursos Minerais desta Dirección Xeral contestou mediante un escrito do 18.11.2021, no que se lle indicou que nese momento se están a iniciar os traballos para a elaboración da *Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia*, recompilando información, analizando a normativa existente e realizando unha prospección das tendencias actuais, sen que de momento se teña concluído ningún documento. Informóuselle que para o desenvolvemento destes traballos se tramitou un contrato menor de servizo de consultaría, ao abeiro do disposto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e normativa de contratos do sector público.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais ditou resolución sobre solicitude de acceso a información, pola que se concede acceso parcial a información solicitada e se inadmite parte da solicitude.

A reclamación considera que non se atendeu debidamente ás peticións solicitadas, e que ademais non se indicaba na resposta as vías de recurso, fronte ao que a Consellería indica que se esta a solicitar acceso a información que está en elaboración, nunha fase moi preliminar e sobre o contrato infórmase ao solicitante que se trata dun contrato menor, tramitado conforme á Lei de orzamentos vixente e a Lei de contratos. Na resolución expresa ditada pola Dirección Xeral se indican os recursos que caben contra dita resolución.

Para poder elaborar unha Estratexia que oriente a actividade mineira galega cara un desenvolvemento sustentable na súa vertente ambiental, económica e social, e en harmonía cunha política de responsabilidade social empresarial, a Dirección Xeral necesitou contar cun

servizo de apoio polo que se asinou un contrato menor de asistencia técnica, que se está desenvolvendo no momento actual mediante a recompilación e análise dos programas actuais da Dirección Xeral e doutras áreas de goberno da Xunta orientados ao impulso da industria, análise da normativa existente e prospección das tendencias do sector da minería nacionais e internacionais, identificando os principais axentes no eido da minería galega. Os ditos traballos, servirán de base para que a Dirección xeral elabore, con arreglo a *Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia* que se estableza, a *Estratexia Galega de Minería Sostible*, polo que se trata de información que está en fase de elaboración.

Con respecto aos expedientes administrativos relativos á contratación, sen prexuízo da información que se publique no portal de transparencia, na resolución ditada pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, déuselle acceso ao expediente de contratación salvo a información que afecta aos intereses económicos e comerciais da empresa contratista.

Considera a Consellería que se estaría ante unha petición de información de carácter ambiental (a referida á *Estratexia Galega de Minería Sostible*, que se tramitaría polo disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente), e á información relativa a un expediente de contratación dunha asistencia técnica, e que se tramita de acordo coa normativa xeral de Transparencia.

Considera que, dado que o solicitante foi informado da situación na que se atopa a información á que fai referencia, enténdese que procedería a desestimación do recurso presentado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación

dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Segundo consta no expediente remitido, á entidade interesada notificóuselle unha comunicación da Subdirección Xeral de Recursos Minerais de data 18 de novembro de 2021, e a reclamación contra a mesma tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 19 do mesmo mes, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A entidade interesada solicitou acceso aos expedientes administrativos referentes á *Estratexia Galega de Minería Sostible* e á *Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia*, así como a un expediente referente a un contrato para o desenvolvemento dos ditos documentos.

En contestación á dita solicitude, a Subdirección Xeral de Recursos Minerais remitiulle un oficio no que lle informa que nese momento se están a iniciar os traballos para a elaboración dos ditos documentos sen que se teña concluído ningún documento, e para os que se tramitou un contrato menor de servizo de consultaría.

Esta resolución, contra a que se presentou a reclamación ante esta Comisión, non se pode considerar conforme co disposto no artigo 27.3 da Lei 1/2016, que establece que a competencia para a resolución das solicitudes de acceso á información no ámbito do sector público autonómico, corresponde á persoa titular da Secretaría Xeral Técnica ou da correspondente Dirección Xeral.

Sen embargo, de acordo co informe e o expediente remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

ditou resolución expresa con data do 23 de decembro de 2021, da que consta que se puxo a disposición da entidade reclamante, aínda que non consta que se accedese á mesma.

Respecto da consideración na resolución ditada pola Dirección Xeral e no informe emitido, de que a información referente á estratexia é información de carácter ambiental, e debe rexerse respecto á resolución polo disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente, considérase correcta, xa que os traballos están referidos á elaboración dunha estratexia de orientación da actividade mineira galega cara un desenvolvemento sustentable nas súas vertentes ambientais, económicas e sociais, mediante a recompilación e análise dos programas autonómicos orientados ao impulso da industria mineira e prospección do dito sector, polo que debe tramitarse, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, ao referirse ao estado dos elementos do medio ambiente e da incidencia que en tales elementos ambientais poidan ocasionar outros factores, e ter esta materia previsto un réxime xurídico específico, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, sen que proceda que esta Comisión se pronuncie sobre o acceso a informe ambiental, por carecer de competencia por razón da materia.

Respecto do expediente de contratación para a realización dos traballos de apoio técnico para a elaboración da Axenda, na resolución da Dirección Xeral comunícase á Asociación interesada que sen prexuízo do que se publique no portal de transparencia da Consellería, se facilita o acceso ao expediente mediante un link, polo que procede a estimación da reclamación por motivos formais, sen prexuízo de que se a Asociación o considera oportuno, poida presentar reclamación ou os recursos que se lle indican na dita resolución, ou os que estime que mellor conveñen ao seu dereito.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación no referente á información solicitada que ten carácter ambiental e estimar por motivos formais con respecto ao acceso ao expediente administrativo de contratación, presentada por ██████████ en representación da ██████████ con data do 19 de novembro de 2021, contra a contestación da Subdirección Xeral de Recursos Minerais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Industria e Innovación do 18 de novembro de 2021, polo que se lle da resposta á súa solicitude de acceso á Estratexia Galega de Minería Sostible e á Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.01.26 13:55:57 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.